

FOLLETO MISA PARTICIPADA

MISA CON NENOS

19 de marzo 2023 CORESMA 4º-A

Xoán 9, 1.6-9. 13-17. 34-38:
“El foi, lavouse, e volveu con vista”.

Mensaxe: 40 días camiñando
tras o tesouro de Xesús



En Xerusalén
descobre a LUZ
que te ensina ver

1. MONICIÓN DE ENTRADA

Amigos y amigas:

Estamos xa no cuarto domingo de Coresma. Nestes últimos domingos, en que nos preparamos para a celebración da Semana Santa, atopámonos con Xesús que é a auga viva, a Luz do mundo e a Vida verdadeira. Hoxe no evanxeo lembraremos o encontro de Xesús co cego de nacemento ao que lle devolve a vista e a luz da fe. Pidamos a Xesús que nos abra os ollos á fe, á súa presenza e, sobre todo, que nos cure das cataratas que nos impiden camiñar co e verlle no medio de nós.

(Poderíanse poñer no presbiterio candeas acesas, de diferentes cores e tamaños, lámpadas... e unha frase: “Xesús é a LUZ, déixate ILUMINAR por El”).

***Sacerdote:** -No nome do Pai... O Señor, que é a Luz do mundo, sexa convosco.*

SÚPLICAS DE PERDÓN

***Sacerdote:** Antes de comezar esta celebración, achegámonos ao Señor, como o cego de nacemento, coa esperanza de que el nos perdoe.*

*- **Catequista:** Ti, Señor, que iluminas coa túa luz e coa túa Palabra as tebras do mundo. **Señor, ten piedade de nós.***

*- **Neno/a:** Ti, Señor, que facer ver aos cegos e devolves a alegría da vida a quen a perda. **Cristo, ten piedade de nós.***

*- **Pais:** Ti, Señor, que pola túa resurrección fixéchesnos pasar da morte á túa luz marabillosa. **Señor, ten piedade de nós.***

***Sacerdote:** Que o Señor teña misericordia de nós, perdoe os nosos pecados, devólvanos a luz da súa graza e lévenos á vida eterna.*

3. MONICIÓN ÁS LECTURAS

Hoxe, a Palavra de Deus chámamos, como ao cego do evanxeo, a levantarnos, a deixarnos curar a nosa cegueira e a camiñar como fillos da luz. Deus non se fixa nas aparencias, senón no corazón; e sabe que, moitas veces, non temos vida no noso interior. Hoxe, a súa Palavra chámamos a levantarnos, a deixar curar as nosas cegueiras, e a camiñar como fillos da luz. O profeta Ezequiel anuncia ao pobo xudeu, que desespera no desterro, o retorno á súa terra, que é como volver á vida. S. Paulo anuncia a vida nova de Xesús e todo o que ela significa.



LECTURAS

- **I SAMUEL 16, 1b. 6-7. 10-13a:** *David é unxido rei de Israel.*
- **SALMO 22:**
R/. O Señor é o meu pastor, nada me falta.
- **EFESIOS 5, 8-14:** *Levántate de entre os mortos, e Cristo será a luz.*
- **XOÁN 9, 1.6-9. 13-17. 34-38:** *Foi, lavouse e volveu con vista. (forma breve)*

Narrador: Naquel tempo, ao pasar, viu Xesús un home cego de nacemento. Entón cuspiu na terra, fixo barro coa saliva, untoullo nos ollos ao cego, e díxolle:

Xesús: -«*Vai lavarte á piscina de Siloé (que significa Enviado)*».

Narrador: El foi, lavouse, e volveu con vista. E os veciños e os que antes adoitaban velo pedir esmola preguntaban:

Veciños: -«*Non é ese o que sentaba a pedir?*».

Narrador: Uns dicían:

Veciños: -«*O mesmo*».

Narrador: Outros dicían:

Veciños: -«*Non é el, pero paréceselle*».

Narrador: O respondía:

Cego: -«*Son eu*».

Narrador: Levaron ante os fariseos ao que fora cego. Era sábado o día que Xesús fixo barro e abriulle os ollos. Tamén os fariseos preguntábanlle como adquirira a vista. El contestoulles:

Cego: -«***Púxome barro nos ollos, laveime e vexo***».

Narrador: Algúns dos fariseos comentaban:

Veciños: -«*Este home non vén de Deus, porque non garda o sábado*».

Narrador: Outros replicaban:

Veciños: -«*Como pode un pecador facer semellantes signos?*».

Narrador: E estaban divididos. E volveron preguntarlle ao cego:

Veciños: -«*E ti, que dis do que che abriu os ollos?*».

Narrador: El contestou:

Cego: -«*Que é un profeta*».

Narrador: Replicáronlle:

Veciños: -«*Naciches completamente **en pecado**, e vasnos dar leccións a nós?*».

Narrador: E expulsárono. Oíu Xesús que o expulsaban, atopouno e díxolle:

Xesús: -«***Crees ti no Fillo do home?***».

Narrador: El contestou:

Cego: -«*E quen é, Señor, para que crea nel?*».

Narrador: Xesús díxolle:

Xesús: -«*Estás a velo: o que che está falando, ese é*».

Narrador: El díxolle:

Cego: -«***Creo, Señor***».

Narrador: E prostrouse ante el.

Palabra do Señor.

(Narrador – Xesús – Veciños – Cego)

4. ORACIÓN DOS FIEIS

Sacerdote: Porque non somos capaces de ver a realidade en toda a súa amplitude, acudimos a ti, Pai, dicindo:

-Creo Señor, dános a túa luz.

1. Pola Igrexa para que acompañe aos que viven en situacións de escuridade e dor. **Oremos.**
2. Polos mozos e adultos que se preparan para recibir o bautismo, a eucaristía ou a confirmación. **Oremos.**
3. Polos invidentes, os que viven minusvalías e os que dubidan da presenza de Deus entre nós. **Oremos.**
4. Por todos os cristiáns, para que a Eucaristía sexa un xerador de luz e de fe. **Oremos.**
5. Por nós, para que sexamos testemuñas da luz e do amor de Deus. **Oremos.**
6. Polas nosas comunidades, para que crezan as vocacións sacerdotais e relixiosas. **Oremos.**
7. Polos nenos e mozos da nosa diocese, para que, atentos á túa voz, sexan capaces de escoitar a túa chamada e se abran ao don dunha vida ao servizo da Igrexa. **Oremos.**
8. Polo aumento de vocacións ao sacerdocio, para que o Señor suscite na Igrexa pastores segundo o seu corazón que leven a todos o alimento e a Palabra da vida. **Oremos.**
9. Polo noso seminario diocesano, polos seus formadores, polos seminaristas e por todos aqueles que colaboran na súa formación. **Oremos**

Sacerdote: Cura, Señor nosas cegueiras e transforma as nosas vidas coa claridade da túa luz Por XCNS.

5. MONICIÓN Á COLECTA POLO SEMINARIO

Xunto aos dons do pan e do viño, presentamos ao Señor o noso desexo de colaborar co noso seminario. Hoxe a Igrexa convídanos a ser xenerosos coas necesidades dos que un día servirán as nosas comunidades coa súa vida, dándonos o alimento da vida e o consolo da súa Palabra.

6. PROCESIÓN DE OFRENDAS

- LENTES ESCURAS:

Ti sabes, Xesús, que ás veces nos deixamos levar polas aparencias das cousas, non miramos o corazón das persoas, cégannos os rancores. Toca os nosos ollos e cúranos das nosas cataratas para que vexamos a vida con ollos de fe, con mirada divina.



-CANDEDAS ACESAS:

Ofrecémosche, Señor, estas candeas acendidas para que ti sexas nosa luz e a luz do teu Evanxeo ilumine sempre o noso camiño.

-PAN E O VIÑO:

Xunto co pan e o viño ofrecémosche as nosas vidas: vidas de persoas sas, ou vidas cheas de dor e sufrimento. Ofrecémosche as nosas mans e corazón para axudar os que sofren, e alegrar eses momentos de tristeza e soidade.

7. S. XOSÉ, PATRÓN DOS PAIS e DAS VOCACIÓNS SACERDOTAIS



Día do Seminario

Señor, estou a buscar ao bordo do camiño e véxote. Vas diante, no medio ou detrás acompañando a unha porción do teu pobo. Páraseste, mírasme e acolles a inquietude do meu corazón: «Que buscas? Levántate e ponte en camiño, ocupa o meu lugar».

Que ben me fai a túa palabra: levántate! Porque se dirixe á miña preguiza e egoísmo, levántate! Porque arrinca os meus medos, levántate! Porque disipa as miñas dúbidas, levántate! Señor, a túa palabra sálvame. Señor, a túa palabra fortaléceme. Señor, a túa palabra ilumíname e ponme en camiño.

Señor, ensíname a ir no medio escoitando o corazón dos meus irmáns; Señor, ilumíname para que vaia diante proclamando o teu Evanxeo; Señor, ponme detrás para regalar o teu misericordia.

Señor, dános pastores segundo o teu corazón! Voceiros da túa voz, que se atrevan a dicir a outros irmáns: «Levántache e ponche en camiño». Amén.

8.- ORACIÓN DE GRACIAS

Pon luz nos meu ollos

Grazas, Xesús, polos meus ollos. Quixese que sempre estivesen dispostos para abrir o meu corazón, para mirarte a ti.

Dálles a túa luz, para que sexan ollos limpos que miren sen mentira nin rancor.

Que desapareza deles a tristeza e que saiban abrirse sempre para ver admirados todo o que nos rodea.

Que saiba pechalos para atoparte moi dentro enchéndoo de fe, de confianza en ti.

Que saiba abrílos e ver en profundidade para recoñecer a túa presenza en todas as cousas.

Que nunca se pechen ante as necesidades dos demais.

Toca os meus ollos coas túas mans, énchenos da tu luz para ver a vida coa mirada da fe.

Que deamos testemuño de ti con valentía para que outros crean e te sigan.

xesús, limpa o meu pecado, dáme a túa luz para que poida dicir: Creo Señor!

Pon luz tamén en todos os que no mundo sofren a pandemia. Cúraos, dálles a túa paz, a túa forza e o teu amor. Amén

**FELIZ DOMINGO
DÍA DO SEÑOR**